



Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE AO DÍA TRINTA DE DECEMBRO DE 2016.

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D^a. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ
D^a. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ Balsa RÁBADE

INTERVENTOR(POR DELEGACIÓN DE FIRMA)

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 30 de decembro de 2016, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D^a. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa ausencia D. JESÚS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL e D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 -12- 2016.

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 26 de decembro de 2016.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Por parte do Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

3.- CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIONS

EXPTE. 4651/2016. CLUBE DE XADREZ VIVEIRO

Vista a documentación xustificativa da subvención concedida ao Clube de Xadrez Viveiro, para o ano 2016, por importe de 600,00 euros.

Vista a proposta de aprobación da conta xustificativa da referida subvención, por importe de 600,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910 (Subvencións deportes nominativas), presentada polo Concelleiro de Deportes, para financiar os gastos da actividade deportiva para a cal foi concedida a subvención.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao Clube de Xadrez Viveiro para o ano 2016, por importe de 600,00 euros, segundo o convenio asinado e con cargo á aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016.

Segundo.- Antes do pago acreditarase que a sociedade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

EXPTE 4652/2016. CLUBE DE FÚTBOL SALA CIDADE DE VIVEIRO

Vista a documentación xustificativa da subvención concedida ao Clube de Fútbol Sala Cidade de Viveiro, para o ano 2016, por importe de 3.000,00

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

euros.

Vista a proposta de aprobación da conta xustificativa da referida subvención, por importe de 3.000,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910 (Subvencións deportes nominativas), presentada polo Concelleiro de Deportes, para financiar os gastos da actividade para a cal foi concedida a subvención.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao Clube de Fútbol Sala Cidade de Viveiro para o ano 2016, por importe de 3.000,00 euros, segundo o convenio asinado e con cargo á aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016.

Segundo.- Antes do pago acreditarase que a sociedade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

4.- LICENZAS DE TAXI

EXPTE 4677/2016.

Visto o escrito de D. Francisco González López, no que se manifesta que é titular da licenza de taxi Nº 21 deste Concello, que lle foi concedida excedencia da licenza por un período de dous anos, que desexa proceder a traballar de novo na referida licenza municipal, para o cal habilitou o vehículo matrícula 8357-JDR, do que acompaña ficha técnica e permiso de circulación, e solicita que se acorde a rehabilitación da licenza municipal nº 21 e se autorice o referido vehículo para a mesma.

Visto o informe xurídico favorable, que consta no expediente, emitido pola Secretaria Municipal. Este informe conclúe o seguinte:

“Primeiro.- O período de suspensión non pode superar o máximo de dous anos establecido no artigo 11 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia. Transcorrido un mes dende a finalización da suspensión sen terse reanudado de modo efectivo a prestación do

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

servizo, incurrirase en causa determinante da caducidade da licenza de taxi.

Segundo os datos obrantes neste Concello, e que constan nos antecedentes sinalados, enténdese que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 11 para a rehabilitación da licenza, non incurrindo en causa determinante de caducidade, en consonancia co artigo 12, sempre que no prazo de un mes dende o remate da suspensión se teña reanudado de modo efectivo a prestación do servizo.

Respecto ao cambio de vehículo, segundo a documentación aportada polo interesado, enténdese que tamén se cumpre o requisito do artigo 26, sendo así mesmo o vehículo que se pretende que reemplace ao anterior máis novo ca aquél."

Por parte da Alcaldesa maniféstase que o interesado lle manifestou á Alcaldía, en data 5 de decembro de 2016, a súa vontade de activar a licenza de taxi nº 21 co vehículo matrícula 8357JDR.

Tendo en conta que, segundo o manifestado no informe, o artigo 11 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia establece que as licenzas de taxi poderán ser suspendidas temporalmente por un período máximo de dous anos, sinlándose así mesmo no referido artigo que, transcorrido un mes dende o remate da suspensión sen terse reanudado de modo efectivo a prestación do servizo, incurrirase en causa determinante da caducidade da licenza de taxi.

Tendo en conta a vinculación entre a licenza de taxi e a autorización interurbana de taxi, segundo o establecido nos artigos 4.3 e 15.2 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

Considerando que, de acordo, co disposto nos artigo 2, 5 e 8 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por licenza de autoturismos e demais vehículos de aluguer, constitúe o feito imponible da taxa a autorización para substitución dos vehículos afectos ás licenzas, devengando unha taxa de 72,58 euros, no intre da concesión da autorización a que se refire o feito imponible.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Acordar a rehabilitación da licenza de taxi nº 21, titularidade de D. Francisco González López.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Mobilidade de Lugo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (órgano competente respecto á autorización interurbana de taxi).

Terceiro.- Autorizar a D. Francisco González López para substituir o vehículo marca Peugeot 607, matrícula 9539GPH, polo vehículo marca Citroen C4 Picasso, matrícula 8357JDR, debendo proceder ao pagamento de 72,58 euros.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Secretaría

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

para a súa notificación aos interesados, coa expresión dos recursos que procedan.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

EXPTE. 4501/2016. SERVIZO DE TELEFONÍA E INTERNET PARA O CONCELLO DE VIVEIRO

Visto o expediente de contratación do contrato de servizos denominado “Servizo de telefonía e internet para o Concello de Viveiro”.

Resultando que consta no expediente borrador de contrato para o “Servizo de telefonía e internet para o Concello de Viveiro”.

Resultando que en data 22 de decembro de 2016 se emite informe por parte de Intervención, no que se sinala que

“En relación a solicitude do Servizo de Contratación de consignación orzamentaria para a tramitación do gasto anticipado para a contratación en 2017 do servizo de telefonía e internet para o Concello de Viveiro por importe de 20.761,37 € IVE incluído, por un prazo de sete meses, esta Intervención informa que o crédito preciso para este contrato se financiarán con cargo a aplicación presupuestaria 9200-22200 (Servizos de telecomunicacións. Admón. Xeral) do Orzamento de este Concello do ano 2017 De acordo co artigo 110.2 TRLCSP, e a base 28 de execución do Orzamento Xeral, queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e á cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira”.

Resultando que, por parte do Servizo de Contratación se redactou o borrador de contrato para o referido servizo, cunha previsión de sinatura do 2 de xaneiro de 2017, un importe de 20.761,37 €, IVE incluído, e un prazo de duración de 7 meses sen posibilidade de prórroga. O contrato engloba a telefonía fixa dos locais con teléfono municipal, as liñas de telefonía móbil e o acceso a internet, segundo as condicións de prestación do servizo que se recollen no referido modelo de contrato que consta no expediente.

Visto o informe da Secretaria Municipal, coa conformidade do Interventor (por delegación de firma), que consta no expediente, no que se sinala o seguinte:

“(…)

Según o establecido no borrador do contrato, o orzamento total do mesmo ascende a 20.761,37€, IVE incluído, polo que se engloba dentro dos supostos de contrato menor segundo o estipulado nos artigos 23, 111 e 138.3 do TRLCSP, posto que a súa duración non supera un ano e o seu importe non supera os 18.000,00 euros, IVE excluído.

O artigo 111 só exige dous requisitos para os contratos menores: a aprobación do gasto e a presentación de factura. O artigo 138.3 sinala que os contratos menores poderán adjudicarse directamente a calquer empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 111. Polo tanto debe constar acreditada a capacidade de obrar do empresario e a súa habilitación profesional necesaria para a prestación do servizo, así como

Concello de Viveiro

que non se atope incurso en prohibición para contratar. Consta no expediente documentación da empresa coa que se pretende contratar o servizo, referente á capacidade de obrar, habilitación profesional e prohibición de contratar.

A previsión establecida no TRLCSP para a realización de contratos menores en ningún suposto debe levar a existencia de fraccionamentos de contratos para eludir os principios de publicidade e concurrencia que deben rexir a contratación pública. Deste xeito, non resulta admisible a realización de "contratos menores concatenados e reiterados no tempo". Neste senso se pronuncia o informe N°14/2014 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Cataluña, que sinala o seguinte:

(...) en la generalidad de los casos, el uso de la contratación menor y su apariencia de legalidad constituye la vía habitual que se utiliza para incumplir los preceptos legales correspondientes sobre publicidad y sobre procedimiento de adjudicación". En definitiva, la contratación menor únicamente se encuentra justificada por la necesidad de simplificación en determinados supuestos en que debe prevalecer la agilidad para atender necesidades de importe y duración reducidas y, en todo caso, es una figura a la que se puede recurrir únicamente si no se contraviene la normativa en materia de contratación pública y, específicamente, la prohibición de fraccionar el objeto de los contratos para eludir la aplicación de aquella normativa, recogida en nuestro derecho interno en el artículo 86 del TRLCSP y estrechamente relacionada con la utilización de la contratación menor (...)

En este sentido, puede afirmarse que la suscripción de diversos contratos menores que podrían conformar el objeto de un único contrato no implicaría un supuesto de fraccionamiento irregular, si la misma adquisición mediante un único contrato también hubiera podido llevarse a cabo recurriendo a la suscripción de un contrato menor (...)

En relación con este último supuesto, y teniendo en cuenta que, como ya se ha indicado, la finalidad del contrato menor es posibilitar una satisfacción rápida de necesidades que, por su escasa cuantía y duración temporal, resulta necesario adjudicar a través de un procedimiento ágil y sencillo, hay que afirmar que ciertamente la contratación menor sería más propia de la satisfacción de necesidades puntuales que periódicas. En todo caso, tanto si es para cubrir necesidades periódicas o necesidades de carácter puntual, hay que adelantar ya ahora que el diseño de una contratación para cubrir necesidades conocidas o previsibles mediante la adjudicación de contratos menores respecto de partes o grupos de estas necesidades "cada año" y por el hecho de que "no superan el umbral de los 18.000 Eur. anuales", como se indica en el escrito de petición de informe, no sería lo más adecuado y conforme con la normativa de contratación pública, cuando no directamente contrario a ésta, según las circunstancias concurrentes en cada caso ...

(...)La suscripción de contratos menores sucesivos para la adquisición de bienes o servicios que se requieren repetidamente, por responder a necesidades de carácter recurrente, periódico o permanente, puede no ser el mecanismo más adecuado y más conforme con la normativa en materia de contratación pública para cubrir este tipo de necesidades e, incluso, puede llegar a ser contrario a aquella normativa, según las circunstancias concurrentes en cada caso."

En atención ao referido informe, enténdese que non deben realizarse contratos menores sucesivos para servizos que se requiren repetidamente, por responder a necesidades de carácter permanente, como é o presente suposto.

O servizo que se pretende contratar, segundo a información recabada pola que suscribe nos distintos departamentos municipais, actualmente está sendo prestado por Telefónica (líñas fixas, móbiles e internet), sen constar nesta Secretaría que este servizo derive da existencia dun procedemento de contratación previo. Segundo a información recabada, o custo do servizo obxecto da presente contratación resulta inferior ao custo actual que o Concello está a sufragar polo antedito servizo.

O servizo obxecto da presente contratación é un servizo de carácter permanente, polo que debe ser obxecto da oportuna licitación, non podendo prestarse mediante a modalidade de contratos menores sucesivos, tal e como xa se sinalou no presente informe. Enténdese que por duración e importe cabe a figura do contrato menor, e atendendo á non existencia previa de procedemento de contratación para o actual servizo e ao interese público que supón o menor custo, pode considerarse englobable dentro de dita figura. Non obstante debería

Concello de Viveiro

comprobase polos diferentes departamentos responsables, a posible existencia dalgún contrato previo que puidese impedir a presente contratación, do que esta Secretaría non ten constancia. Advírtese que a presente contratación non poderá prorrogarse, nin deberá ser o servizo obxecto doutro contrato menor sucesivo, debendo realizarse a licitación do mesmo durante o tempo de vixencia deste contrato.

O artigo 111 do TRLCSP exige a aprobación do gasto e a incorporación da factura para os contratos menores. Por tanto, xunto coa aprobación do expediente de contratación débese aprobar o gasto, tal e como recolle tamén o artigo 110 do TRLCSP. O artigo 110.2 do TRLCSP establece que os expedientes de contratación poderán ultimarse incluso coa adxudicación e formalización do correspondente contrato, aínda cando a súa execución, xa se realice en unha ou en varias anualidades, deba iniciarse no exercizo seguinte. A estes efectos poderán comprometerse créditos coas limitacións que se determinen nas normas orzamentarias das distintas Administracións públicas suxeitas ao TRLCSP.

En base ós anteriores antecedentes de feito e fundamentos de dereito esta Secretaría ten a ben emitir o seguinte INFORME

PRIMEIRO.- Deste xeito, e tendo en conta o informe de intervención respecto á financiación do contrato para o exercizo 2017, ao establecido no artigo 110.2 do TRLCSP, e ao sinalado no presente informe respecto aos contratos menores, considerase que podería realizarse a contratación do "Servizo de telefonía e internet para o Concello de Viveiro", segundo o modelo de contrato que consta no expediente, coas salvidades recollidas no presente informe."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a sinatura do contrato menor de servizos para a prestación do servizo "Servizo de telefonía e internet para o Concello de Viveiro", por un importe de 20.761,37 €, IVE incluído, e un prazo de duración de 7 meses sen posibilidade de prórroga, segundo o modelo de contrato que consta no expediente.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para o seu coñecemento e aos efectos de continuar co procedemento ata a sinatura do contrato referido.

EXPTE. 4537/2016. CONTRATO INTEGRAL PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE VIVEIRO

Visto o expediente de contratación do contrato de servizos denominado "Contrato integral para a prestación de servizos de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Viveiro".

Resultando que consta no expediente borrador de contrato para o "Contrato integral para a prestación de servizos de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Viveiro".

Concello de Viveiro

Resultando que en data 21 de decembro de 2016 emítase informe por parte de Intervención, no que se sinala que

“En relación a solicitude do Servizo de Contratación de consignación orzamentaria para a tramitación do gasto anticipado para a contratación en 2017 do servizo de prevención de riscos laborais do Concello de Viveiro por importe anual de 15.912,63 € IVE incluído, esta Intervención informa que o crédito preciso para este contrato se financiarán con cargo a aplicación presupuestaria 2210-16008 do Orzamento de este Concello do ano 2017 De acordo co artigo 110.2 TRLCSP, e a base 28 de execución do Orzamento Xeral, queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e á cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.”

Resultando que, por parte do Servizo de Contratación se redactou o borrador de contrato para o referido servizo, cunha previsión de sinatura do 2 de xaneiro de 2017, un importe de 15.912,63 €, IVE incluído, e un prazo de duración de un ano sen posibilidade de prórroga. O contrato engloba as especialidades técnicas e a medicina do traballo, segundo as condicións de prestación do servizo que se recollen no referido modelo de contrato que consta no expediente.

Visto o informe da Secretaria Municipal, coa conformidade do Interventor (por delegación de firma), que consta no expediente, no que se sinala o seguinte:

“(…)

Según o establecido no borrador do contrato, o orzamento total do mesmo ascende a 15.912,63€, IVE incluído, polo que se engloba dentro dos supostos de contrato menor segundo o estipulado nos artigos 23, 111 e 138.3 do TRLCSP, posto que a súa duración non supera un ano e o seu importe non supera os 18.000,00 euros, IVE excluído.

O artigo 111 só exige dous requisitos para os contratos menores: a aprobación do gasto e a presentación de factura. O artigo 138.3 sinala que os contratos menores poderán adjudicarse directamente a calquer empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 111. Polo tanto debe constar acreditada a capacidade de obrar do empresario e a súa habilitación profesional necesaria para a prestación do servizo, así como que non se atope incurso en prohibición para contratar. Consta no expediente documentación da empresa coa que se pretende contratar o servizo, referente á capacidade de obrar, habilitación profesional e prohibición de contratar.

A previsión establecida no TRLCSP para a realización de contratos menores en ningún suposto debe levar a existencia de fraccionamentos de contratos para eludir os principios de publicidade e concurrencia que deben rexir a contratación pública. Deste xeito, non resulta admisible a realización de “contratos menores concatenados e reiterados no tempo”. Neste senso se pronuncia o informe N°14/2014 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Cataluña, que sinala o seguinte:

(…) en la generalidad de los casos, el uso de la contratación menor y su apariencia de legalidad constituye la vía habitual que se utiliza para incumplir los preceptos legales correspondientes sobre publicidad y sobre procedimiento de adjudicación”. En definitiva, la contratación menor únicamente se encuentra justificada por la necesidad de simplificación en determinados supuestos en que debe prevalecer la agilidad para atender necesidades de importe y duración reducidas y, en todo caso, es una figura a la que se puede recurrir únicamente si no se contraviene la normativa en materia de contratación pública y, específicamente, la prohibición de fraccionar el

Concello de Viveiro

objeto de los contratos para eludir la aplicación de aquella normativa, recogida en nuestro derecho interno en el artículo 86 del TRLCSP y estrechamente relacionada con la utilización de la contratación menor (...)

En este sentido, puede afirmarse que la suscripción de diversos contratos menores que podrían conformar el objeto de un único contrato no implicaría un supuesto de fraccionamiento irregular, si la misma adquisición mediante un único contrato también hubiera podido llevarse a cabo recurriendo a la suscripción de un contrato menor (...)

En relación con este último supuesto, y teniendo en cuenta que, como ya se ha indicado, la finalidad del contrato menor es posibilitar una satisfacción rápida de necesidades que, por su escasa cuantía y duración temporal, resulta necesario adjudicar a través de un procedimiento ágil y sencillo, hay que afirmar que ciertamente la contratación menor sería más propia de la satisfacción de necesidades puntuales que periódicas. En todo caso, tanto si es para cubrir necesidades periódicas o necesidades de carácter puntual, hay que adelantar ya ahora que el diseño de una contratación para cubrir necesidades conocidas o previsibles mediante la adjudicación de contratos menores respecto de partes o grupos de estas necesidades "cada año" y por el hecho de que "no superan el umbral de los 18.000 Eur. anuales", como se indica en el escrito de petición de informe, no sería lo más adecuado y conforme con la normativa de contratación pública, cuando no directamente contrario a ésta, según las circunstancias concurrentes en cada caso ...

(...)La suscripción de contratos menores sucesivos para la adquisición de bienes o servicios que se requieren repetidamente, por responder a necesidades de carácter recurrente, periódico o permanente, puede no ser el mecanismo más adecuado y más conforme con la normativa en materia de contratación pública para cubrir este tipo de necesidades e, incluso, puede llegar a ser contrario a aquella normativa, según las circunstancias concurrentes en cada caso."

En atención ao referido informe, enténdese que non deben realizarse contratos menores sucesivos para servizos que se requiren repetidamente, por responder a necesidades de carácter permanente, como é o presente suposto.

O servizo que se pretende contratar, segundo a información recabada pola que suscribe nos distintos departamentos municipais, actualmente non está contratado con ningunha empresa, debendo este Concello cumprir co estipulado na Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e no Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

O servizo obxecto da presente contratación é un servizo de carácter permanente, polo que debe ser obxecto da oportuna licitación, non podendo prestarse mediante a modalidade de contratos menores sucesivos, tal e como xa se sinalou no presente informe. Enténdese que por duración e importe cabe a figura do contrato menor, e atendendo ás obrigas impostas pola lexislación en materia de prevención de riscos laborais, e polo tanto á necesidade de contar en todo momento coa prestación deste servizo, pode considerarse englobable dentro de dita figura. Advírtese que a presente contratación non poderá prorrogarse, nin deberá ser o servizo obxecto doutro contrato menor sucesivo, debendo realizarse a licitación do mesmo durante o tempo de vixencia deste contrato.

O artigo 111 do TRLCSP exige a aprobación do gasto e a incorporación da factura para os contratos menores. Por tanto, xunto coa aprobación do expediente de contratación débese aprobar o gasto, tal e como recolle tamén o artigo 110 do TRLCSP. O artigo 110.2 do TRLCSP establece que os expedientes de contratación poderán ultimarse incluso coa adxudicación e formalización do correspondente contrato, aínda cando a súa execución, xa se realice en unha ou en varias anualidades, deba iniciarse no exercizo seguinte. A estos efectos poderán comprometerse créditos coas limitacións que se determinen nas normas orzamentarias das distintas Administracións públicas suxeitas ao TRLCSP.

En base ós anteriores antecedentes de feito e fundamentos de dereito esta Secretaría ten a ben emitir o seguinte INFORME

SEGUNDO.- Deste xeito, e tendo en conta o informe de intervención respecto á financiación do contrato para o exercizo 2017, ao establecido no artigo 110.2 do TRLCSP, e ao sinalado no



Concello de Viveiro

presente informe respecto aos contratos menores, considerase que podería realizarse a contratación do servizo "Contrato integral para a prestación de servizos de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Viveiro" , segundo o modelo de contrato que consta no expediente, coas salvidades recollidas no presente informe."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a sinatura do contrato menor de servizos para a prestación do servizo "Contrato integral para a prestación de servizos de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Viveiro" , por un importe de 15.912,63 €, IVE incluído, e un prazo de duración de un ano sen posibilidade de prórroga, segundo o modelo de contrato que consta no expediente.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para o seu coñecemento e aos efectos de continuar co procedemento ata a sinatura do contrato referido.

6.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

EXPTE 4533/2016. ADQUISICIÓN DE PARCELA EN REQUIÁN, COVAS.

Visto o escrito presentado neste Concello en data 17 de outubro de 2016, por D^a. Modesta García Rodríguez, no que se sinala que no ano 2011 lle cedeu ao Concello de forma gratuita na finca sita no lugar de Requián, parroquia de Covas (polígono 20, parcela 93) a porción de terreo que resultase necesaria para a construción dun depósito de auga. Manifesta que a finca lle resulta improductiva xa que na parte da mesma colindante ao camiño se atopa construído o depósito municipal, polo que solicita se valore o interese para o Concello da súa adquisición ao prezo medio de mercado para fincas de similares características.

Consta no expediente informe técnico emitido polo arquitecto de obras municipal, no que se sinala que, dende o punto de vista municipal e dada a existencia neste momento do depósito de auga, considera que sería interesante a adquisición desos 200,00 m² (pertencentes á finca non ocupada polo depósito), xa que permitiría, de ser necesario nun futuro dispoñer de terreos para a posible ampliación do depósito de auga e reforzar así a rede de abastecemento aos lugares de Laxe, Patarroa e Riquián, ao igual que tamén serviría para a ubicación dalgún que outro

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

servizo público necesario en dita zona. Establécese a valoración do ben a adquirir en 934,00 euros.

Pola Intervención, á vista da valoración do ben a adquirir, emitiuse informe sobre a porcentaxe que supón o valor da adquisición en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar, realizándose a correspondente retención de crédito.

Pola Secretaria Municipal emitiuse informe, coa conformidade de intervención, sobre o procedemento a seguir, no que se manifesta que, tendo en conta que o interese público municipal na adquisición da parcela deriva da existencia na mesma dun depósito de auga municipal, segundo se desprende dos datos e documentación obrante no expediente, e nos atopamos polo tanto ante un suposto que pode englobarse nos supostos de adquisición por adxudicación directa segundo o establecido no artigo 116.4 da LPAP, polo que atendendo a que se trata da adquisición desa parcela concreta polo motivo reseñado, enténdese, que unha vez incorporados devanditos documentos, pola Xunta de Goberno acordarse aprobar a proposta de adquisición da mesma, autorizando e dispoñendo o gasto, que deberá motivarse e notificarse ao propietario. Neste acordo de aprobación da adquisición debería aprobarse o modelo de contrato, documento de adquisición, que se formalizaría entre o Concello e o propietario, establecendo a data para a súa sinatura. Unha vez formalizado o documento de adquisición deben realizarse os trámites oportunos para a súa inclusión no inventario de bens municipais e a súa inscrición rexistral.

Vista a proposta de Alcaldía de aprobación da adquisición da parcela, do seguinte tenor literal:

“Primeiro.- Aprobar a proposta de adquisición da parcela con referencia catastral 27067A020000930000XX, polígono 20, parcela 93, titularidade de D^a. Modesta García Rodríguez, por herencia da súa irmá D^a. Piedad García Rodríguez, segundo documento participacional protocolizado ante notario en data 21 de agosto de 1990 e testamento outorgado por D^a. Piedad García Rodríguez, en data 29 de xaneiro de 2008, por importe de 934,00 euros, segundo deriva do informe técnico obrante no expediente, autorizando e dispoñendo o gasto por dito importe

Segundo.- O presente acordo debera notificarse ao propietario para a sinatura do documento de adquisición.

